



SUBVENCIÓN	Programa de Infravivenda
CÓDIGO PROCEDEMENTO	VI406A
BASES REGULADORAS	DOG núm. 8 do 14 de xaneiro de 2020. Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda
OBXECTO	<p>Axudas ao concellos de menos de 10.000 habitantes, para a reparación de infravivendas nas que residan unidades de convivencia propietarias que residan nunha edificación ou vivenda que se encontre en mal estado de conservación e non dispoñan de recursos para acometer as obras que permitan ter as condicións mínimas de habitabilidade.</p> <p>Así mesmo, os concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes tamén poderán solicitar a subvención para rehabilitar infravivendas do seu patrimonio municipal coa finalidade de destinalas a solucionar os problemas de residencia de unidades de convivencia que cumpran os requisitos fixados nas bases reguladoras.</p>
PROCEDEMENTO	Concurrencia non competitiva; as solicitudes atenderanse por rigorosa orde de presentación ata o esgotamento do crédito; entenderase como data de presentación aquela na que o expediente teña toda a documentación que debe acompañar á solicitude.
PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	Dende o 23/03/2021 ata o 30/04/2021
TIPOLOXÍA E REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS	<p>Actuacións permitidas</p> <ul style="list-style-type: none"> • A reforma ou rehabilitación de elementos exteriores. • A mellora das condicións estruturais e de seguranza. • A mellora da accesibilidade da edificación ou das vivendas • A mellora da habitabilidade. Dentro destas últimas, será subvencionable a execución obras que eviten a entrada no edificio do gas radón ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.”
PRAZO DE EXECUCIÓN	Prazo máximo de presentación de documentación xustificativa da subvención: 30 de novembro de 2021.



SOLICITANTES	A solicitude da axuda deberá realizala o concello, que garantirá a dispoñibilidade de fondos para cubrir o 5 por cento adicional do presuposto necesario para a actuación prevista.
DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none">• a) Certificado do acordo municipal de solicitar a subvención ao IGVS, aceptando os termos da convocatoria, de conformidade coa memoria, o orzamento e o prazo de execución propostos na documentación que se acompaña á solicitude.• b) Para o suposto de que a vivenda sexa de titularidade privada, o anexo XVIII (código de procedemento VI406A) de autorización das persoas propietarias do inmovible, membros da unidade de convivencia, para que o concello execute as obras de rehabilitación, así como o compromiso de dedicar a vivenda a domicilio habitual e permanente da unidade de convivencia durante un prazo non inferior a cinco anos, contado desde a finalización das obras.• c) Certificado da secretaría municipal no que se acredite terse cumprido os requisitos recollidos no artigo 7 das bases reguladoras deste programa.• d) Proxecto técnico ou memoria relativa á infravivenda obxecto das actuacións. Deberá vir acompañado da seguinte documentación:<ul style="list-style-type: none">- Informe social sobre as circunstancias persoais, así como das económico-sociais de cada un dos membros da unidade de convivencia. No caso de tratarse dunha infravivenda de titularidade municipal, que aínda non estea ocupada por unha unidade de convivencia, non se presentará este informe.- Informe asinado pola persoa técnica municipal relativo á localización da infravivenda, das súas características e do seu estado de deterioración. Este informe deberá ir acompañado dunha reportaxe fotográfica en cor da edificación ou vivenda e dunha xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas.- Memoria da actuación proposta, do orzamento de execución material e do calendario de execución.- Informe da persoa técnica municipal de que as actuacións propostas cumpren coa lexislación vixente.- Informe municipal sobre o financiamento da actuación que xustifique a súa viabilidade.- Certificado do correspondente órgano do concello de que o nivel de renda da unidade de convivencia das persoas beneficiarias entra



	<p>dentro dos criterios establecidos nesta resolución. No caso de tratarse dunha infravivenda de titularidade municipal, que aínda non estea ocupada por unha unidade de convivencia, non se presentará este certificado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de tratarse dunha vivenda de titularidade municipal, certificado da secretaría municipal no que se acredite que a edificación ou vivenda obxecto de rehabilitación é de titularidade municipal. - No caso de que a edificación ou vivenda pertenza a algún dos membros da unidade de convivencia, certificado da secretaría municipal no que se acredite a propiedade da edificación ou da vivenda obxecto de rehabilitación.
FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	<ul style="list-style-type: none"> Obrigatoriamente electrónica
INFORMACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> DIRECCIÓN TÉCNICA DE FOMENTO 981955786 - 981541935 012 AREA PROVINCIAL IGVS A CORUÑA981184801 AREA PROVINCIAL IGVS LUGO.....982294602 AREA PROVINCIAL IGVS OURENSE.....988386273 AREA PROVINCIAL IGVS PONTEVEDRA.....986805610-986805611-886205098 SERVIZOS CENTRAIS IGVS.....981541981-981541982-981957529
CONSULTAS	<p>vivendasbaleiras.igvs@xunta.gal</p>